




Area / Unidade RR.HH PE0000 SLR	Documento 10818I07FV	
Código de verificación  2B22 0I03 4N2N 6L61 0IMR	Expediente 108/2022/1171	
	Data 09-07-2024	

ANUNCIO

TRÁMITE DE AUDIENCIA E ALEGACIÓNS DAS PERSOAS QUE FORON ADMITIDAS AO PROCESO SELECTIVO CONVOCADO MEDIANTE RESOLUCIÓN DA CONCELLEIRA DELEGADA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN DO 20/06/2018, MODIFICADAS MEDIANTE RESOLUCIÓN DO 05/09/2018, PARA A COBERTURA DUNHA PRAZA DE TÉCNICO/A SUPERIOR DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL – TEC. RESIDUOS (subgrupo A1), C.E. 7/16 (BOP núm. 144, do 31/07/2018, modificación BOP núm. 202, do 23/10/2018)

Primeiro.- Mediante Resolución da Concelleira delegada de Facenda e Administración do 20/06/2018, aprobouse a convocatoria, pola quenda libre, dunha praza de técnico/a superior de administración especial – Tec.Medio Ambiente - Residuos (subgrupo A1), C.E. 7/16 (BOP núm. 144, do 31/07/2018). Estas bases foron modificadas por Resolución do 5/09/2018 (BOP núm. 202, do 23/10/2018).

Segundo.- Por Resolución do Concelleiro delegado de Economía, Facenda e Réxime Interior do 04/01/2021 aprobouse a lista definitiva de persoas aspirantes admitidas e excluídas ao procedemento selectivo indicado no punto primeiro (BOP núm. 10, do 18/01/2021).

Terceiro.- Con data do 23/05/2022 a Asociación Galega de Ambientólogos presenta mediante rexistro un recurso no que solicita a corrección das devanditas bases na que se inclúa como titulación de acceso o grao/licenciatura en ciencias ambientais.

Cuarto.- En relación ao devandito recurso, iniciouse a tramitación do correspondente expediente administrativo, no que, con data do 08/07/2024, o Concelleiro delegado responsable da Área de Economía e Planificación Estratéxica, resolveu dar trámite de audiencia ás persoas interesadas que foron admitidas ao proceso selectivo convocado mediante Resolución da Concelleira delegada de Facenda e Administración do 20/06/2018, modificadas mediante resolución do 05/09/2018, para a cobertura dunha praza de técnico/a superior de administración especial – Tec. Residuos (subgrupo A1), C.E. 7/16 (BOP núm. 144, do 31/07/2018, modificación BOP núm. 202, do 23/10/2018).

Dado que, en base ao devandito expediente, ás persoas interesadas que figuran na lista definitiva de persoas admitidas ao proceso selectivo, aprobada mediante resolución do 04/01/2021 (BOP núm. 10, do 18/01/2021), poden verse afectadas nos seus dereitos e intereses, en cumprimento do artigo 118 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, na devandita resolución do Concelleiro delegado responsable da Área de Economía e Planificación Estratéxica, dispónse a apertura dun trámite de audiencia.



Concello da Coruña

Por tanto, de conformidade co establecido nos artigos 45 e 46 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, infórmase ás persoas interesadas que figuran na lista definitiva de persoas admitidas ao proceso selectivo, aprobada mediante resolución do 04/01/2021 (BOP núm. 10, do 18/01/2021), que, ao obxecto de coñecer o contido do recurso, poden exercer o seu dereito de acceso ao recurso de reposición interposto, mediante comparecencia nas dependencias do Servizo de Recursos Humanos (Rúa Franja, 3ª planta), de 09:00 a 14:00 horas, previa solicitude de cita a través da dirección de correo electrónico: selecciondepersonal@coruna.gal, no prazo de 10 días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio. No referido prazo, en virtude do establecido no artigo 118.2 da LPAC, as ditas persoas interesadas, poderán alegar e presentar os documentos e xustificacións pertinentes en defensa dos seus dereitos.

A Coruña, na data da sinatura electrónica deste documento

O coordinador xeral da Área de Economía e Planificación Urbana
Manuel Ángel Jove Losada